



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE CARTEIS DA “LXV FESTA DA LAMPREA”: CATEGORÍA LIBRE CELEBRADA O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2025.

Á vista das bases do concurso de carteis da “LXV Festa da Lamprea”: Categoría Libre aprobadas pola Alcaldía por resolución nº 454/2024 de 09.09.2024 para deseñar o cartel para “LXV Festa da Lamprea” promovendo así a principal festa gastronómica do Municipio que terá lugar os días 25, 26 e 27 de abril do ano 2025.

Reunidos o día **15 de xaneiro de 2025, ás 12:30 h.**, os membros do xurado que a seguido se relacionan designados por Resolución da Alcaldía nº 1/2025 de data 03.01.2025, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde o 03.01.2025:

- José Javier Rodríguez Cobas, en representación de Bar Brey.
- Elena Simón Ferro, en representación de Adegas As Laxas.
- Ramiro Gil Doval, Presidente da Asociación Cultural Os Muiños de Cabeiras.
- José Manuel Gómez Rial, en representación da Comunidade de Montes de Arbo.
- Teodoro De Francisco Antes, Arquitecto Municipal do Concello de Arbo.
- Francisco Baena González.

Secretario: Jorge Moreno Martín-Caloto, Secretario do Concello de Arbo, ou persoa que a substitúa legalmente, que terá voz pero non voto.

Tamén asistiu, con voz pero sen voto, en representación do Concello de Arbo, o Sr. Alcalde Horacio Gil Expósito.

Ausentes:

- Carlos Fernández Rodríguez.
- María Saladina Alonso Fernández.

Tendo en conta que nas bases se establecen tres premios:

1º Premio: 800,00 euros.

2º Premio: 400,00 euros.

3º Premio: 200,00 euros.

Unha vez rematado o prazo para a entrega das propostas o 10.01.2025, preséntanse en prazo nove (9) propostas.

Tras o exame das propostas de cartel presentadas en prazo, o xurado acorda INADMITIR unha (1) proposta ao non cumprir os requisitos fixados nas bases de



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

participación no concurso, que foron aprobadas polo Sr. Alcalde en resolución nº 4542024 de 09.09.2024:

- **Proposta presentada con data 14.01.2024 (R.E nº 52)**

Unha vez examinadas por parte dos membros do xurado as propostas presentadas e admitidas, e tras establecer o resultado da súa valoración en base aos criterios fixados nas bases e relativos á creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento, resultan os tres carteis premiados, procedendo á apertura dos sobres pechados nos que figuran os nomes e identificación dos autores dos mesmos, sendo o resultado o seguinte e pola orde que se reflicte:

1º Posto: Iñaki Fernandez Iturmendi, de Navarra, coa súa proposta "A Raiña da Festa"

2º Posto: Cesar Núñez Núñez, de Astorga coa súa proposta", coa súa proposta "Pergamiño"

3º Premio: Ruben Lucas García, de Murcia, coa súa proposta", coa súa proposta "De pais a Fillos"

De acordo coas bases, as propostas presentadas e premiadas quedarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

O Concello poderá efectuar cantas reproducións precise do cartel que obteña o premio e difundilo, sen que polo seu autor poda evocar dereitos ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar material relacionado coa festa.

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

As obras non premiadas devolveranse aos seus autores, podendo estes pasar a recollelas polas dependencias municipais a partir do quinto día posterior ao fallo do xurado no mesmo lugar onde foron entregadas.

Non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a presente en Arbo a 17.01.2024, sendo asinada polos asistentes en mostra da súa conformidade.

José Javier Rodríguez Cobas

Elena Simón Ferro

Ramiro Gil Doval



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1
36430 ARBO – (Pontevedra)
Telf.:986665000
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

José Manuel Gómez Rial

Francisco Baena González

Teodoro De Francisco Antes

Horacio Gil Expósito

Jorge Moreno Martín-Caloto, Secretario do Concello de Arbo

